



NORMATIVA PARA CAMBIO DE GRUPO DE PRÁCTICAS

Establécense **dous prazos** nos que se poden solicitar cambios de grupos de prácticas:

- 11 ao 20 de setembro de 2017 (materias do 1º e 2º cuadrimestre).
- 22 ao 31 de xaneiro de 2018 (materias do 2º cuadrimestre).

Considerarase a aceptación de cambios de grupo motivados polas seguintes **causas**:

- Incompatibilidade laboral acreditada (con copia de contrato e horario de traballo selado pola entidade contratante).
- Cargas familiares debidamente xustificadas.
- Deportistas de Alto Nivel que acrediten esta condición.
- Matrícula no curso de Adaptación ao Grao (cando se produza superposición de horarios).

Estudaranse outras posibles causas alegadas polo alumnado, pero, en particular, **NON se aceptarán cambios motivados por**:

- Superposicións de horario de materias de diferentes cursos.
- Incompatibilidade laboral non acreditada.
- Simultaneidade con outros estudos.
- Problemas de transporte.
- Adestramento deportivo.

Por outra banda, considerarase a aceptación de **permutas** (intercambios) de grupos entre alumnado.

Os formularios de solicitude están dispoñibles no apartado de Organización Académica da web da facultade.

Unha vez cumprimentados entregaranse no Vicedecanato de Organización Académica e Infraestruturas (Despacho 108) ou na Secretaría do Decanato (Despacho 109).